

RECENSIÓN BIBLIOGRÁFICA: TAMARIT SUMALLA, J. (COORD.), "LA JUSTICIA RESTAURATIVA: DESARROLLO Y APLICACIONES", COMARES, GRANADA, 2012

Cristina ALONSO SALGADO¹

Investigadora da Área de Dereito Procesual. Departamento de Dereito Público Especial. Universidade de Santiago de Compostela.

Recibido 17.09.2014 / Aceptado 22.12.2014

En "*La justicia restaurativa: desarrollo y aplicaciones*", TAMARIT SUMALLA coordina a un excelente grupo de profesionais que abordan a sempre difícil tarefa de precisar os lindeiros da Xustiza restaurativa.

A cabalo da discusión xeneralizada que no Estado español existe en relación á mediación, a Xustiza restaurativa ten gañado unha notable relevancia nos últimos tempos no debate xurídico español. Sinálase isto, non porque se obvie na presenta análise que a controversia xerada polo denominado cambio de paradigma do Dereito Penal conta cunha orixe máis que afastada no tempo, senón porque se ben iso é así, o certo é que, na actualidade, a Xustiza restaurativa eríxese coma unha sorte de *conditio sine qua non* de case calquera reflexión de índole procesual-penal.

A obra atópase estruturada en sete capítulos que tratan de sete temas de reflexión vixentes no debate restaurativo. Así, no primeiro dos capítulos "*La justicia restaurativa: concepto, principios, investigación y marco teórico*", TAMARIT SUMALLA aborda cuestións de orde básica en relación á Xustiza restaurativa, dende a definición do concepto, cuestión esta nada doada, pasando polos principios e polo marco teórico. En idéntica liña, unha vez enmarcado o contexto de partida, no segundo capítulo — "*La articulación de la justicia restaurativa con el sistema de justicia penal*" — o mesmo autor sinala as bases de mutua relación que, ao seu xuízo, presiden o binomio "Xustiza restaurativa"-"sistema de Xustiza penal".

¹ cristina.alonso@usc.es

VILLACAMPA ESTIARTE, aborda no terceiro capítulo un dos supostos que, vinculado ao buque insignia da Xustiza restaurativa, a mediación, ten suscitado máis polémica nos últimos tempos: a posibilidade de aplicar métodos restaurativos á loita contra a violencia doméstica e a violencia de xénero. Ao respecto, a autora sinala que, polo xeral, os casos vinculados á violencia familiar contan coa consideración de complexos de abordar porque, adoito, veñen precedidos dun proceso de deterioro da relación que pode ter durado anos. Porén, a xuízo de VILLACAMPA ESTIARTE, isto non pode xustificar a prohibición ou a non previsión do procedemento mediador, toda vez que o que os sinalados supostos requiren é a súa xestión por parte de equipos especializados na materia.

Menos polémico resulta o obxecto do capítulo cuarto, "*Nuevas formas de justicia para menores víctimas: procesos restaurativos*". Así e todo, o enfoque de PEREDA BELTRÁN resulta altamente atraínte dada a actualización de discurso que supón a prospección en aras de conseguir novas metodoloxías de aplicación no tocante á Xustiza restaurativa e ao Dereito penal de menores. Todo isto, claro está, en atención aos específicos factores de vulnerabilidade dos menores, ás súas circunstancias, etc., e porque, tal e como sinala a autora, existe evidencia empírica dabondo para acreditar que, nin tan sequera incorporando todas as melloras que nos últimos tempos se teñen proposto, o modelo retributivo pode protexer axeitadamente aos menores dos efectos da vitimización secundaria.

En "*Una lectura en clave reparadora de las sanciones penales: las sanciones de cumplimiento en la comunidad*", TORRES ROSELL enfoca — dende o prisma reparador — aquelas sancións de cumprimento na comunidade coas que se dá cobertura a un conxunto amplo de sancións penais que se caracterizan, *grosso modo*, por non requirir para a súa execución o internamento do penado nun centro fechado: ben prisión, ben institución para menores infractores ou ben para suxeitos inimputábeis. Particularmente, afóndase na referida análise mediante a formulación de preguntarse cal é o ámbito de actuación dos traballos en proveito da comunidade na Xustiza restaurativa.

No capítulo sexto, GUARDIOLA LAGO, analiza as posibilidades da Xustiza restaurativa en prisión. Defende a autora que a prisión como institución total non é

incompatíbel coa incorporación de procesos restaurativos entre o victimario e a vítima do feito delituoso na execución da pena privativa de liberdade. Máis ao contrario, constitúe unha posibilidade que podería permitir, nalgúns casos, unha mellor resocialización do agresor e unha maior reparación da vítima do delito.

Finalmente, no capítulo sétimo, "*Conferencing: origen, transferencia y adaptación*", GUARDIOLA, ALBERTÍ, CASADO e SUSANNE, disertan verbo do método restaurativo do *Conferencing*. O certo é que alén a mediación — non sen a máis que coñecida contestación —, no Estado español as restantes formas da Xustiza restaurativa non gozan, en xeral, de gran predicamento.

O *Conferencing* é unha práctica da Xustiza restaurativa que, mediante a participación de todas as persoas afectadas polo delito, procura identificar — a través dun proceso de toma de decisión — cal é o mellor xeito de responder ao feito delituoso. Participan nel, máis persoas que na mediación, e posibilita unha participación máis directa da comunidade na que a infracción penal foi cometida.

De todo o sinalado cabe inferir que a presente obra colectiva aborda a Xustiza restaurativa dende o prisma da necesaria actualización de discurso tras varias décadas dende que se anunciase o "cambio de paradigma" no Dereito Penal. Para alén, cabe salienta o deliberado esforzo das autores e dos autores por se aproximar aos temas espiñentos; por non esquivar, por exemplo, as polémicas en relación á violencia de xénero, ou a aposta decidida — máis alá do rol case hexemónico do que, en materia restaurativa, goza a mediación no Estado español — polas novas metodoloxías restaurativas.

En definitiva, estamos perante unha publicación non apta para non iniciados, de lectura imprescindible para quen participe do debate en relación ao camiño a seguir polo Dereito penal nas sociedades occidentais para o século XXI.

